

**CONCELLO
DE VIGO**



**PROCEDIMENTO DE USO E DE
RESERVAS DE INSTALACIONES**

ESPAZO WEB

WWW.RESERVASDEPORTES.VIGO.ORG

**VIGO,
terreo de xogo**



I.- NOVO ESPAZO WEB DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO IMD

A misión do Concello de Vigo e a de servizo aos cidadans e as entidades deportivas da Cidade facilitando o uso e disfrute das instalacións deportivas municipais. O Concello Vigo, traballa na mellora dos procedementos administrativos que pon ó alcance de todos os usuarios e entidades deportivas da cidade, xerando a través da WEB do Concello de Vigo un novo espazo de administración dixital, na dirección www.reservasdeportes.vigo.org.

Dende este espazo WEB, calquer cidadán ou entidade poderá realizar reservas das instalacións para desenvolver as súas actividades sempre que estén dispoñibles os espazos deportivos.

O acceso, a este novo espazo WEB, complementábase coa TARXETA “Vigo Terreo de Xogo”, a través da cal todas as entidades deportivas ou persoas físicas usuarias das instalacións deportivas municipais, poderán obter unha serie de vantaxes relacionadas fundamentalmente na mellora dos procesos de comunicación e no acceso a práctica deportiva en Vigo.

II.-NOVA TARXETA “Vigo Terreo de Xogo”

II.1- Modalidades da tarxeta:

a.- Vigo terreo de xogo: para usuarios individuais.

O acceso a esta nova tarxeta esta aberto a todas as persoas maiores de 16 anos que a soliciten. O principal obxectivo desta tarxeta e mellorar os procesos de información que o Concello de Vigo desenvolve en relación a todos os programas deportivos que ofrece, así como facilitar os trámites e ampliar os procesos e canles de acceso vinculados ó uso das instalacións deportivas municipais de Vigo. Esta vinculación lle permitirá realizar reservas de instalacións de tenis, padel, frontón, squash e ver a relación das mesmas, ou outros espazos deportivos, así coma a mellora dos procesos de comunicación co Concello de Vigo.

b.- Vigo terreo de xogo entidade deportiva: para as entidades deportivas e os seus equipos.

O acceso a esta nova tarxeta está aberto a todas as entidades deportivas que o soliciten.

O principal obxectivo desta tarxeta e mellorar os procesos de información que o Instituto Municipal desenvolve en relación a todos os programas deportivos que ofrece, así como facilitar os trámites e ampliar os procesos e canles de acceso vinculados ó uso das instalacións deportivas municipais de Vigo. Esta vinculación lle permitirá realizar reservas das instalacións deportivas, para adestramentos ou partidos non programados en función dos horarios disponibles polo Concello de Vigo, e ver a relación das mesmas, así coma a mellora dos procesos de comunicación co Concello de Vigo.

As entidades deportivas teñen diferentes equipos deportivos e co fin de facilitar o acceso a información dos mesmos, habilítase unha tarxeta para cada un dos equipos da entidade.



I.1.2.- Proceso de alta como titular da tarxeta “Vigo terreo de Xogo”:usuarios individuais.

- a) Usuarios actuais do Concello de Vigo coa tarxeta “augaesaude”:
- Deberán comprobar que nos seus datos persoais teñen identificado un correo electrónico. Esta comprobación pódese facer directamente na instalación habitual dos programas “augaesaude”, ou a través do teléfono das instalacións deportivas. Unha vez confirmado o e_mail poderán activar a conta dende a WEB www.reservasdeportes.vigo.org na pestana identificarse “**activar a miña conta para o acceso dende internet**”.
- b) Outros usuarios/as do Concello de Vigo (sen tarxeta “augaesaude”) ou novos usuarios/as:
- Deberán cumprimentar o documento (en formato PDF autoeditable) de alta para ser titular da tarxeta Vigo terreo de Xogo, que poderán atopar na web do concello de vigo www.vigo.org, na pestana /servizos cidadania/ deportes/ tramites e procedementos. Unha vez cuberto o formulario deberá enviarse a dirección de correo reservasdeportes@vigo.org, xunto co NIF escaneado da persoa para a súa tramitación. A tarxeta enviarase por correo postal ao domicilio. A partir da alta da tarxeta xa se poden realizar xestións, recollidos no apartado de vantaxes. Tamén se pode recoller presencialmente.
 - O formulario tamén se pode entregar na oficina técnico deportiva do sevizio de deportes do Concello de Vigo en horario de 9:00 a 14:30hrs.

Vantaxes do espazo WEB vinculados a tarxeta (*):

- Acceder a información de todos os programas e actividades do servizo de deportes do Concello de Vigo nos que está inscrito.
- Adquirir bonos de reserva para os deportes de raqueta, (facilita os procedemento de reserva, ten un prezo bonificado).
- Coñecer a dispoñibilidade de espazos nas instalacións deportivas municipais.
- Ter un acceso directo a información de todos os usos deportivos realizados como titular da tarxeta “Vigo Terreo de Xogo”.
- Reservar pistas de padel, tenis, squash, frontón así como pavillóns e campos de fútbol.
- Recibir información de actividades do Concello de Vigo.

(*)Esta tarxeta non ten custe para o usuario , excepto no caso de renovación da mesma por causa de perda ou extravío e deberá abonar a cuota vixente de renovación de tarxeta na ordenanza de tributos e prezos públicos do concello de Vigo (no 2015 a cuota e de 2,00 €).



I.I.3.- Proceso de alta como titular da tarxeta “Vigo terreo de Xogo”: entidade deportiva.

a.- Si as entidades deportivas e os seus equipos ou persoas físicas tiveron reservas anuais ou reservas programadas de instalacións deportivas:

- O Concello de Vigo porase en contacto coas entidades deportivas que están na base de datos do servizo de deportes do Concello de Vigo e que non teñan o enderezo electrónico, para a obtención do mesmo. O enderezo electrónico e o medio a través do cal se lle enviará a mensaxe para a activación da contrasinal, coa cal poden acceder a realización de reservas no espazo WEB, tanto da entidade deportiva coma dos seus equipos. O acceso a WEB realizarase co CIF da entidade e coa contrasinal.
- Tamén poden facilitar os datos da dirección de correo no Instituto Municipal dos deportes na Avda. de Castrelos.

b.- Si é unha entidade ou persoa física que non tivo reservas anuais ou programadas de instalacións deportivas:

- Deben cubrir o formulario de alta, (en formato PDF autoeditable) que se atopa na web do concello www.vigo.org na pestana/servizos cidadanía/deportes/trámites e procedementos/, no que se recollen os datos da entidade, Nome da entidade, CIF, enderezo, teléfono, e-mail, responsable-NIF, e equipos que conforman a entidade deportiva. O acceso a WEB realizarase co CIF da entidade e coa contrasinal. Este formulario enviarase a dirección de correo reservasdeportes@vigo.org, xunto co CIF escaneado da entidade.
- A tarxeta enviarase por correo postal ao domicilio da Entidade. A partir da alta da tarxeta xa se poden realizar xestións, recollidas no apartado de vantaxes. Tamén se pode recoller presencialmente.
- O formulario tamén se pode entregar na oficina técnico deportiva en horario de 9:00 a 14:30 hrs.

Vantaxes deste espazo deportivo vinculados a Tarxeta Vigo Terreo de Xogo entidade deportiva (*).

- Comprobar as reservas de instalacións dos seus equipos.
- Comprobar os importes pendentes de pago e os pagados.
- Realizar o pago da reserva de instalacións a través do TPV virtual.
- Coñecer a dispoñibilidade de espazos nas instalacións deportivas do Instituto Municipal de deportes de Vigo.
- Realizar a reserva de instalacións en función dos horarios dispoñibles polo Concello de Vigo.
- Recibir información de actividades do Concello de Vigo.

(*)Esta tarxeta non ten custo para o usuario, excepto no caso de renovación da mesma por causa de perda ou extravío e deberá abonar a cuota vixente de renovación de tarxeta na ordenanza de tributos e prezos públicos do concello de Vigo (no 2015 a cuota é de 2,00).

**II.- INSTALACIÓNS DO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES
VISUALIZABLES OU RESERVABLES.**

O Concello de Vigo pon a disposición das entidades e usuarios as seguintes instalacións deportivas.

Deportes practicados

As disciplinas deportivas que se poden desenvolver en cada unha das instalacións están recollidas na páxina WEB.

Pistas deportivas e campos de fútbol

01	Pista Central Travesas.	09	Pista Berbés.	17	Pista de Candeán.
02	Pista Vermella Travesas.	10	Pista Bouzas.	18	Pista de Navia.
03	Pista Frontón Travesas.	11	Pista Bembrive.	19	Campo de Fútbol de Travesas.
04	Pista Carmen Travesas.	12	Pista Castrelos.	20	Campo de Fútbol de Navia.
05	Pista Ximnasio Carmen Travesas.	13	Pista de Coruxo.	21	Campo de Fútbol de Samil.
06	Pista 1 Balaídos.	14	Pista de Teis.	22	Campo de Fútbol de Etea
07	Pista 2 Balaídos.	15	Pista Lavadores.		
08	Pista Coia.	16	Pista de Etea.		

Salas deportivas

30	Sala Multiusos travesas.	36	Sala Multiusos Castrelos.	42	Sala Ximnasio pesas Central.
31	Sala 1 Piscina Travesas.	37	Sala Tatami Coia.	43	Sala Ximnasio ETEA.
32	Sala 2 Piscina Travesas.	38	Sala Esgrima Coia.	44	Sala Multiusos Candeán.
33	Sala 1 Berbés.	39	Sala Pasillo Balaídos.	45	Sala Piscina Teis.
34	Sala Aeróbic Berbés.	40	Sala loita Teis.	46	Sala Complexo Samil.
35	Sala Multiusos Bouzas.	41	Pista Rodadura Trav.	47	Sala Ximnasio Lavadores.

Deportes de raqueta

	Instalación	Modalidade	Nº de pistas
60	Complexo deportivo municipal de Samil	TENIS	12 (pistas)
60.1	Complexo deportivo municipal de Samil	PADEL	3 (pistas)
61	Complexo deportivo municipal de Travesas	FRONTON	5 (frts. exter) 1 (frt. cub)
62	Complexo deportivo municipal de Balaídos	SQUASH	6 (pistas)
63	Piscina Municipal de Travesas	SQUASH	3 (pistas)
64	Piscina Municipal de Lavadores	SQUASH	2 (pistas)
65	Pavillón Municipal do Berbés	SQUASH	1 (pistas)

**II.I.-Procedemento de reserva das instalacións de deportes de raqueta. (Tenis, Padel, Squash e Frontón).****II.I.1 Tempos de xogo:**

A dispoñibilidade das instalacións estará en función dos horarios de apertura das instalacións e da programación deportiva das mesmas. Os períodos de xogo para as reservas nas modalidades de tenis, padel e frontón é por franxas de 60 minutos e para o squash é por franxas de 45 minutos.

II.I.2 Tipos de bonos e número de franxas de xogo reservables.

Os titulares da tarxeta “Vigo Terreo de Xogo”, poderán adquirir bonos para a reserva do uso das instalacións de deportes de raqueta. Os bonos son de 10 usos e teñen unha caducidade de 3 meses. Os bonos son de uso persoal, pero pode facer uso deles outra persoa sempre que o titular comunique os datos persoais dos outros usuarios no momento da reserva. Sendo titular da tarxeta “Vigo Terreo de Xogo” os bonos poden mercarse a través da WEB, www.reservasdeportes.vigo.org, ou en calquera das instalacións dotada da aplicación de xestión informática do IMD.

Tipos de BONOS:

TENIS	Bono T2	Bono para reservas de 2 xogadores/as	Pode reservar 1 ou 2 franxas de xogos, restándose un uso por franxa
TENIS	Bono T4	Bono para reservas de 4 xogadores/as	
FRONTON cuberto ou descuberto	Bono F2	Bono para reservas de 2 xogadores/as.	
FRONTON Cuberto ou descuberto	Bono F4	Bono para reservas de 4 xogadores/as	
PADEL	Bono P4	Bono para reservas de 4 xogadores/as	Pode reservar 1 ou 2 franxas de xogos, restándose un uso por franxa (45')
SQUASH	Bono S2	Bono para reservas de 2 xogadores/as	

- No caso das reservas realizadas con Bonos para 2 xogadores/as, para poder acceder un terceiro xogador ou xogadora, deberá abonar o prezo dunha entrada individual na instalación.

- Para todas as reservas, si ao chegar a instalación, a franxa seguinte está baleira poderá ser reservada nese momento, procedendo o pago da mesma.



II.I.3 Reservar: procedemento.

RESERVAS ANTICIPADAS E NO MESMO DÍA Dende as 20:00 h do segundo día anterior da reserva ata a hora da reserva Estas reservas podense realizar a través dos seguintes procedementos:	
RESERVA VIA WEB	<p>Lugar: A través da web municipal na dirección www.reservasdeportes.vigo.org. Si o usuario/a e titular da tarxeta “Vigo Terreo de Xogo”, poderá acceder directamente indicando a súa contrasinal. Os demais usuarios sen tarxeta do Concello de Vigo, deberán rexistrarse na WEB para obter a contrasinal de acceso, sendo necesario indicar nome, apelidos, DNI, un nº de telefono e un e_mail.</p> <p>Horarios: Reservas dende as 20:00 hrs. do segundo día anterior ó día da reserva, ata a hora da reserva.</p> <p>Forma de pago:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Con tarxeta bancaria, a través da pasarela de pago da propia WEB. • Os titulares da tarxeta “Vigo terreo de xogo”, poderán confirmar a reserva directamente sempre que teñan activo un bono de reserva para a modalidade deportiva.
RESERVA POR TELEFONO	<p>Lugar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Para as reservas de Tenis, Padel, e Frontón se realizarán nos teléfonos: <ul style="list-style-type: none"> • Complexo deportivo municipal das Travesas 986 23 99 97 • Complexo deportivo municipal de Samil 986 24 15 79 • Para a reserva de Squash nos teléfonos: <ul style="list-style-type: none"> • Squash do Pavillón deportivo municipal do Berbés: 986 20 41 49 • Squash do Complexo deportivo municipal de Balaídos: 986 29 32 08 • Para as reservas de Squash serán realizadas no telefono da propia instalación: <ul style="list-style-type: none"> • Piscina municipal das Travesas: 986 29 54 44 • Piscina municipal de Lavadores: 986 26 47 44 <p>Horarios: Reservas dende as 20:00 hrs. do segundo día anterior ó día da reserva, ata a hora da reserva.</p> <p>Forma de pago: Soamente poderán facer este tipo de reservas os usuarios titulares da tarxeta “Vigo terreo de xogo”, que teñan activo un bono de reserva para a modalidade deportiva a reservar.</p>
RESERVA PRESENCIAL	<p>Lugar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • As reservas para as modalidades de Tenis, Padel, Frontón e Squash Balaídos realizaránse na conserxería do Complexo Deportivo Municipal das Travesas ou directamente nas instalacións de xogo de Samil, Balaídos e Berbés. <p>Horarios: Reservas dende as 20:00 hrs. do segundo día anterior ó día da reserva, ata a hora da reserva, dentro dos horarios de atención o público de cada instalación.</p> <p>Forma de pago:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os titulares da tarxeta “Vigo terreo de xogo”, poderán facer o pago a través dun bono activo da modalidade a reservar. • O demais usuarios/as deberán facer o pago con tarxeta bancaria.



II.I.4 Cancelacións:

Soamente para reservas realizadas con BONO DE RESERVA. Non se realizarán devolucións dos importes das reservas xa aboadas con tarxeta bancaria.

a.- Cancelación de reservas anticipadas:

Unicamente poderase cancelar as reservas realizadas polos titulares da tarxeta “Vigo Terreo de Xogo” realizadas a través dun BONO DE RESERVA, se a cancelación da mesma se solicita con mais de 24 horas de antelación ao horario de inicio da actividade reservada. Para este tipo de cancelación o titular da tarxeta deberá realizar a solicitude chamando por telefono ou de forma presencial nas seguintes instalacións:

Lugar: Para as reservas de todas as instalacións de Tenis, Padel e Frontón realizaránse na conserxería do Complexo deportivo Municipal das Travesas ou no telefono:
986 239997.

Para as reservas de Squash deberán dirixirse as seguintes instalación ou os teléfonos indicados:

- Pavillón deportivo municipal do Berbés: 986 204149 si a instalación está pechada realizarase no Complexo deportivo das Travesas.
- Complexo deportivo municipal de Balaídos: 986 293208 si a instalación está pechada realizarase no Complexo deportivo das Travesas
- Piscina municipal das Travesas: 986 295444
- Piscina municipal de Lavadores 986 264744

b.- Cancelación de uso por incidencias alleas o usuario:

No caso de cancelacións da reserva por causas alleas ós usuarios/as, (por exemplo, condicións metereolóxicas adversas ou calquera outra incidencia na instalación allea ao usuario), emitirase un vale de incidencias, polo número de horas pagadas. Este vale de incidencia tramitarase na propia instalación reservada 20’ antes da hora de inicio da pista reservada e ata 20’ despois de comezo do xogo. No caso dunha reserva de dúas franxas de xogo aplicarase para a segunda franxa de uso o mesmo criterio, dentro dos 20’ despois de iniciado o xogo. O vale será emitido pola propia aplicación informática de xestión. No suposto de pago por bono, reintegrarase o uso no bono a través da aplicación informática.

II.I.5 Prezos públicos

Os prezos das actividades son aqueles que regula a ordenanza en vigor número 52 do Concello de Vigo, aprobada polo pleno do Concello de Vigo.

II.I.6 Instrucións complementarias de uso das instalacións

- O suplemento de luz pode pagarse na instalación ou por vía WEB, os horarios de aplicación dos suplementos de luz, dependerán das horas de luz natural e serán establecidos pola normativa de uso das instalacións.
- Non se poden reservar as instalacións para a realización de adestramentos a clubs ou particulares, para as actividades de padel, tenis, frontón, squash.
- As pistas de xogo so poden acceder as persoas que van a desenvolver o xogo.



- Para o acceso as instalacións débese presentar o DNI ou tarxeta identificativa de usuario.
- Os usuarios que precisan vestiarios poden acceder as instalacións 30' antes e abandonalas 20' despois da finalización do xogo.
- Os usuarios de simples ou dobres non poden reservar mais de dúas franxas seguidas, con ou sin bono. Pero si ao chegar a instalación hai unha terceira franxa valeira poderán reservala.
- Os usuarios que estén autorizados polo usuario dun bono, deben identificarse na instalación antes do comezo do xogo.

III.- PROCEDEMENTO DE RESERVA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS: PISTAS DEPORTIVAS, CAMPOS DE FÚTBOL E SALAS.

III.I.- FRANXAS DE XOGO RESERVABLES.

As franxas reservables son todas aquelas fraccións de tempo, visibles a través da WEB, en tramos dunha hora, para as actividades, das entidades deportivas, que non foron programadas previamente ou actividades de recreo ocio de persoas físicas (partidos recreativos, non competitivos).

RESERVAS ANTICIPADAS E NO MESMO DÍA: Reservas dende as 20:00 hrs. do segundo día anterior ó día da reserva, ata 3 horas antes da hora de reserva

RESERV A VIA WEB	<p>Lugar: A través da web municipal, na dirección www.reservasdeportes.vigo.org (ver apartado como darse de alta)</p> <p>Horarios: Reservas dende as 20:00 hrs. do segundo día anterior ó día da reserva, ata 3 horas antes da hora de reserva.</p> <p>Forma de pago: Con tarxeta bancaria, a través da pasarela de pago da propia WEB.</p>
RESERV A PRESEN CIAL	<p>Lugar: No complexo deportivo das Travesas, na conserxería, para as instalacións de Travesas, Samil e Balaídos. As demais instalacións na oficina técnico deportiva).</p> <p>Horarios: Reservas dende as 20:00 hrs. do segundo día anterior ó día da reserva, ata 3 horas antes da hora de reserva, nos horarios establecidos na oficina técnica de 9:00 a 14:30hrs.</p> <p>No mesmo día da reserva realizaranse directamente na instalación de xogo a través dos seguintes teléfonos para as instalacións de Travesas, Samil , Balaídos e Berbés. As demais instalacións na conserxería do complexo deportivo das Travesas.</p> <p>Forma de pago: A través de TPV na conserxería do complexo das Travesas, complexo de Samil, Complexo de Balaídos e pavillón de berbés.</p>



IV.- RESERVAS DE TEMPADA

IV.I.- Solicitude

As entidades deportivas e persoas físicas que desexen solicitar un espazo deportivo programado para toda a tempada dende o 1 de outubro ata o 31 de maio, poden realizado do seguinte xeito:

- A través da WEB do Concello de Vigo no formulario que se encontra na páxina WEB www.vigo.org, na pestana/servizos cidadania/deportes/trámites e procedementos. Este formulario de reservas poderá cubrirse e envíalo a dirección de correo reservasdeportes@vigo.org, enviándoselles un acuso de recibo do mesmo.
- Presencialmente cubrindo o formulario de reservas que está a disposición das entidades na oficina técnica deportiva do servizo de deportes do Concello de Vigo.

O periodo para a realización das reservas e dende o 1 de xullo ao 31 de agosto. Do 1 ao 15 de setembro se lles confirmará a instalacións, tendo 5 días de periodo de reclamacións ao final do cal faise efectiva a confirmación da reserva.

Nas solicitudes de instalacións das entidades deportivas estas deberán indicar os horarios por cada un dos equipos que teña a entidade deportiva, podendo coincidir varios equipos no mesmo horario.

IV.II.- Formalización do contrato da reserva.

Unha vez concedida a reserva de tempada, a entidade deportiva deberá firmar un documento contractual de reserva de espazo, no que se recolle a forma de pago e os periodos de pago. Entregándose un documento con todas as reservas realizadas e o seu importe.

IV.III.- Abono de tempada entidades deportivas ou persoas físicas

A reserva da tempada deportiva, dunha instalación, por unha entidade deportiva ou persoa física, realízase a través do concepto abono de tempada. Este abono permite a reserva e a programación dos espazos deportivos, para adestramentos ou competicións oficiais, dunha tempada deportiva do 1 de outubro ao 31 de maio.

V.- RESERVA DE PRETEMPADA: MESES DE XUÑO, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO.

- Poden realizar peticións de uso de instalacións para o periodo de pretempada aquelas entidades deportivas que precisen de adestramentos durante os meses arriba indicados, tendo prioridade as entidades deportivas que veñen desenvolvendo a súa actividade de xeito programado durante o periodo de reserva de tempada e nas súas franxas horarias de uso. O resto de franxas horarias segundo solicitudes e dispoñibilidade de instalacións.

Solicitude: mediante WEB a través do formulario de solicitude de espazos deportivos pretempada, e enviando a mesma a reservasdeportes@vigo.org, ou ben presencialmente na oficina técnica deportiva.



Prazo: realizarase do 1 maio ao 15 de maio, do 15 ao 25 de maio se lles confirmará a instalación tendo 5 días de periodo de reclamación, ao final do cal faise efectiva a confirmación da reserva.

- As entidades que non precisen deste sistema de reserva poderán realizar as reservas a través da WEB nos espazos desocupados dende as 20:00 do segundo día anterior a reserva ata 3 horas antes da hora da reserva.
- Presencialmente na oficina técnica do servizo de deportes do Concello de Vigo reservándose de seman en seman, ou mes a mes, segundo dispoñibilidade das instalacións, efectuándose o pago no momento da reserva polos procedementos de pago estsablecidos no apartado seguinte.

Procedemento de pago: Mediante TPV no momento de concretarse a reserva, na conserxería do complexo deportivo das travesas. O procedemento de pago por WEB realizarase a través do TPV virtual. Os pagos de pretempada non teñen bonificacións.

VI.-CANCELACIÓNS

Non se realizarán devolucións dos importes das reservas xa aboadas.

O non uso das reservas programadas deberá ser comunicado a oficina técnica deportiva, co fin de por os espazos a disposición doutros usuarios. A comunicación do non uso dun espazo programado debe realizarse con 72 horas de antelación ao uso do mesmo, quedando recollido na aplicación a cancelación a petición da entidade, esta cancelación ao estar aboada, será compensada polo Concello de Vigo por outra nova reserva da mesma característica con cargo a esa cancelación, e será tratada como cancelación por compensación a petición entidade.

Bonos de incidencias:

- Cancelacións programadas: Son aquelas que se realizan por necesidades de programación do Concello de Vigo. As cancelacións destas actividades será motivada polo servizo de deportes do Concello de Vigo e serán tratadas como cancelacións por compensación. A compensación realizarase cun ticket de incidencia por compensación, polo número de horas afectadas, que poderá ser utilizado nunha nova reserva. Tamén poderá realizarse a compensación con reubicación noutra instalación según ocupación, sin xerar ningún coste a maiores. Este ticket tramitarase na oficina técnica deportiva.
- Cancelacións imprevistas: Son aquelas que se realizan por motivos alléos ao usuario principalmente motivadas polo mal estado da instalación para o desenvolvemento da práctica deportiva. Emitirase un ticket de incidencias, polo número de horas pagadas. Este ticket de incidencia tramitarase na propia instalación reservada 20' antes da hora de inicio do recurso reservado. O ticket será emitido pola propia aplicación informática de xestión ou en papel. Nos pavillóns deportivos emitirase un parte de incidencia, que será tramitado na oficina técnica deportiva.

VII.- PREZOS PÚBLICOS

Os prezos das actividades son aqueles que regula a ordeanza número 52 do Concello de Vigo, aprobado polo pleno do Concello de Vigo, e en vigor. O Concello de Vigo, excepcionalmente, poderá realizar cambios na ordeanza en vigor.



VIII.- FORMA DE PAGAMENTO

As entidades que teñan concedido o periodo de reserva de tempada, para adestramentos ou competicións oficiais, procederán a aboar os prezos públicos das reservas según os seguintes medios e co porcentaxe de descontos que se describe.

VIII.I. Reservas de tempada:

- Domicilación bancaria
- Pago con TPV.
- Pago por transferencia bancaria.

VIII.II. Descontos:

- Pago anual 20%
- Pago trimestral 20%
- Pago bimensual 10%
- Pago mensual

O concepto abono de tempada, en concepto de reserva do espazo deportivo non teraan descontos.

VIII.III. Prazos dos pagos

Unha vez realizada a formalización do contrato, que será nunha soa vez o pago poderá realizarse nos seguintes prazos.

- Para os pagos anuais e trimestrais o periodo de pagamento é de 30 días naturais, dende o comezo do periodo.
- Para pagos bimensuais 10 días naturais dende o comezo do periodo.
- Para pagos mensuais realizarase nos 5 días seguintes do comezo do periodo.

VIII.IV. Procedemento en caso de non aboar o prezo da reserva no periodo de pago

Unha vez finalizado o prazo de abono do periodo voluntario segundo a forma de pago, notificarase as entidades a deuda e daráselles un novo periodo de pagamento si ao finalizar o mesmo segue a débeda entrará en vigor o periodo executivo.

Vigo, 1 de Xaneiro de 2016